



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto convocatoria sorteo público para a resolución dos empates no segundo exercicio da fase de oposición. Creación de bolsa de emprego de contratación laboral temporal ou nomeamento de interino para a cobertura dos postos: CELADOR/A CPI (funcionarial) e CONSERXE CPI (laboral fixo, xornada parcial) 2023.

Expediente: 2023/G003/000766– 2023/X999/000066.

María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, e no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Decreto núm. 510/2023 de data 05.09.2023 polo que aproban as bases reguladoras da convocatoria formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos de interino para a cobertura dos postos: CELADOR/A CPI (funcionarial) e CONSERXE CPI (laboral fixo, xornada parcial) 2023.
- Decreto núm. 571/2023 de data 03.10.2023 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso para a creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos de interino para a cobertura dos postos: CELADOR/A CPI (funcionarial) e CONSERXE CPI (laboral fixo, xornada parcial) 2023.
- Decreto núm. 613/2023 de data 20.10.2023 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso para a creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos de interino para a cobertura dos postos: CELADOR/A CPI (funcionarial) e CONSERXE CPI (laboral fixo, xornada parcial) 2023.
- Acta do Tribunal de data 30.10.2023 do primeiro exercicio da fase de oposición.
- Decreto de Alcaldía núm. 659/2023 de data 03.11.2023 polo que se aproba a realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización dun suposto práctico.
- Acta do Tribunal de data 14.11.2023 do segundo exercicio da fase de oposición, onde se fan públicas as puntuacións finais obtidas polas persoas candidatas.

Á vista dos resultados obsérvase varios empates entre as persoas candidatas e tras aplicar o primeiro criterio de desempate establecido na base décimo cuarta, obsérvase a persistencia do mesmo nas cualificacións de dous candidatos:

Apelidos e Nome:	1º exercicio	2º exercicio	Total
Fernández Díaz, Rafael	32	16	48
Ribeira Armán, Jesús	32	16	48

A vista do anterior, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar un sorteo público para resolver o empate das persoas candidatas o xoves 16 de novembro ás 9:00 horas no Concello de Lousame.

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello máis no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello:

(<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/tablon/>) de acordo co disposto na base undécima.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

